



Regulamento II Ruta Turística "Escudería Moeche"

1. Organización

A Escudería Moeche, con número de CIF G-70444898, organiza a **II Ruta Turística "Escudería Moeche"**, que se celebrará o día 21 de Novembro de 2015. A ruta será de tarde-noite e a entrega de dorsais efectuarase ás 16:00 en Café Bar Sixto (San Ramón de Moeche).

2. Definición

O evento non deportivo consiste nun percorrido para turismos convencionais na que se establecen unhas clasificacións de regularidade cunha velocidade media inferior a 50 km/h.

A kilometraxa total aproximada será dunhos 120 km.

O evento desenrolarase por carreteras abertas ó tráfico normal, e os participantes deberán de cumprir, en todo momento, a Normativa de Circulación Vixente.

Os vehículos participantes sairán cun intervalo entre eles dun minuto.

3. Vehículos Admitidos

Tódolos vehículos participantes deberán de ter:

- Permiso de circulación.
- Seguro obligatorio de responsabilidade civil en vigor.
- Inspección técnica do vehículo (ITV) en vigor.

Os vehículos deberán cumprir a normativa vixente para a circulación polas vías públicas. Antes do inicio da proba, a organización poderá efectuar un control técnico e administrativo ós vehículos, no que deberán presnetar os rexistros anteriormente citados, así como o permiso de circulación do conductor.

A pesar de que a responsabilidade por falta do cumprimento do Código de Circulación será do conductor do vehículo, a organización poderá **non autorizar a saída a aqueles vehículos que non teñan algún dos requisitos anteriormente expostos.**

Durante as verificacións administrativas, o conductor do equipo participante deberá firmar un documento, facilitado polo Organizador, no que declara que **exime por completo de calquer responsabilidade á organización** sobre os danos que cada participante poida ocasionar con motivo desta proba.

4. Libro de Ruta

O libro de ruta có percorrido da proba, entregarase ós participantes antes da saída. Deberá respetarse íntegramente, salvo caso de forza maior, no que a Organización decidirá unha Ruta Alternativa.

5. Placas e Letras

A organización entregará a cada equipo dúas placas, cada unha delas cunha letra identificativa, que se colocarán nas ventás traseiras do vehículo.

6. Controis

No libro de ruta, virán estipulados os Controis Horarios de paso que haberá no percorrido.

Queda totalmente prohibido deter o vehículo por completo antes dos puntos establecidos como Controis Horarios de paso. Esta acción será penalizada, podendo chegar á exclusión da proba do equipo infractor, baixo decisión da organización.

Se un membro da organización manda deterse a un vehículo participante en calquera parte do percorrido sen previo aviso, este deberá deterse. De non facelo, podería determinarse a exclusión do mesmo do evento.

7. Cronometraxe

Realizarase ó segundo, despreciando a fracción. Penalizarase un segundo por cada segundo de adianto ou de atraso polo paso exacto do Control Horario.

8. Penalizacións

- Por cada segundo de adianto ou atraso en cada Control Horario: **1 punto**
- Por cada minuto de adianto ou retraso en cada Control Horario a partir do minuto ideal de paso: **60 puntos**
- Retraso superior a 5 minutos no paso de calquer Control Horario: **300 puntos**
- Por detención voluntaria denunciada por un cronometrador: **100 puntos**
- Non pasar por calquera dos controis: **500 puntos**
- Pasar por un control con retraso ou adianto de máis de 10 minutos: **500 puntos**
- Pérdida do dorsal que impida a identificación do participante: **500 puntos**
- Comportamento inadecuado coa organización ou con outros participantes: **Exclusión**
- Non obedecer as instrucións da organización: **Exclusión**

9. Clasificación

Será gañador quen teña menos penaliacións acumuladas á finalización da "ruta" tras o paso por todos os controis horarios.

En caso de empate, considerarase gañador o equipo que teña máis ceros nos controis horarios de paso. Para conseguir un "cero" nun control horario é necesario pasar por dito control no segundo exacto que indica o rutómetro. En caso de persistir o empate será gañador o que teña menos puntos no primeiro control horario, no segundo.....

13. Trofeos

Entregaranse trofeos ós tres primeiros clasificados.

